

## AEB DEBE SAÍR DA COVA

AEB voltou ás súas posicións de máximos na reunión de hoxe da Mesa do Convenio. Parece non escoitar nada do que se traballou e discutido nestes meses. Volven expor converter de salario fixo a variable as pagas de beneficios, suprimir a antigüidade e ampliar a mobilidade xeográfica a 50 kms. Lonxe de buscar o espazo dun acordo ao que parecían achegarse, agora optan por comezar de novo a negociación. CCOO e todos os sindicatos xa lles respondemos claramente: o Convenio que queren, e no que insisten, NON É POSIBLE.

A reforma laboral, aquela contra a que fixemos unha folga xeral, é unha das súas grandes bazas. O fin da vixencia do Convenio, que na súa versión sería o 19 de decembro, xeraría inseguridade xurídica e bastantes problemas para todos. Para as empresas, abordar un máis que previsible novo proceso de concentración sectorial sen as condicións laborais claras non debe ser o mellor escenario. Para os empresados, quenes traballamos nos bancos e xeramos os beneficios, tampouco, porque perderíamos a base legal das nosas condicións laborais. As consecuencias serían moi graves.

En realidade non levamos un ano de negociacións. Todas as partes acordamos atrasar o inicio das negociacións ata final de febreiro de 2015. A vixencia do Convenio debería chegar, por tanto e polo menos, ata a mesma data de 2016.

En consecuencia, na reunión de hoxe, CCOO volvemos a facer unha aposta firme pola negociación. De tal maneira que entregamos textos concretos das nosas propostas e alternativas en sete capítulos. Son documentos exploratorios, que van na liña de definir as posibilidades do acordo e apostar por un convenio renovado, de modernización e de mantemento de dereitos e condicións. Tamén reiteramos a nosa oferta de principio de acordo a alcanzar na próxima Mesa do 1 de decembro:

- O incremento salarial para 2015 e con efectos do 1º de xaneiro. Propoñemos o 1,0%.
- A prórroga da vixencia do Convenio. Ata o 31 marzo 2016.
- Decidir un principio de acordo sobre as materias que poden configurar o Convenio.

Con todo, AEB mantén a súa posición do primeiro día, de recortes salariais e de dereitos. O que inevitablemente provocará, a curto prazo, a convocatoria de mobilizacións para facer oír a voz de bancarias e bancarios en defensa do noso Convenio.



*CCOO propoñemos un incremento salarial para 2015, prórroga do Convenio e decisión sobre os contidos. AEB volve á súa posición de máximos, de supresión de dereitos.*

**É tempo de avanzar  
É tempo dun bo convenio**

